

PRÁCTICA DE



Ana Martínez Rey

1 Práctica eXe: modifica a estrutura

Realiza os seguintes procedementos:

Crea unha carpeta no teu PC denominada "Curso de eXe Learning".

Descarga o arquivo [U1 A1.elp](#) á carpeta "Curso de eXe Learning".

Abre o arquivo [U1 A1.elp](#) (Podes facer dobre clic sobre el).

Ordea a estrutura.

Renomea "Tema 1" por "O meu primeiro tema".

Borra o nodo ou páxina denominado "Sección 1.3".

Crea un novo nodo chamado "Sección 2.3" e ordéalo adecuadamente.

Garda os cambios (*Arquivo > Gardar*).

2 Practica eXe: eres autor

Realiza os seguintes procedementos:

Abre **meuarquivo.elp** da túa carpeta "Curso de eXeLearning".
Completa os elementos da pestana "Paquete". Lembra gardar os
cambios do formulario no botón **Gardar**.

Garda el archivo modificado.

3 Practica eXe: oculta e amosa iDevices

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre **meuarquivo.elp** da túa carpeta "Curso de eXeLearning".
En *Editar os iDevices*, amosa o i Device "FPD-Actividade de Elección Múltiple".
2. Fai clic no boton "Gardar os iDevices". (Observa que aparece no listado).
3. Repite o proceso, esta vez ocultado o iDevice que amosaches anteriormente.
- 4 Lembra gardar os cambios do formulario no botón **Gardar**.
5. Garda el archivo modificado.

4 Practica eXe: Formateamos textos

Realiza os seguintes procedementos:

1. Descarga o arquivo [U2 A1.elp](#) á carpeta "Curso de eXe Learning" e ábreo.
2. Fai clic no botón "Editar" do iDevice "Texto libre" que se atopa no nodo "Formateamos texto".
3. Modifica o tamaño de letra do primeiro parágrafo.
4. Cambia o color de texto do segundo parágrafo.
5. Selecciona unha palabra e modifica a cor de fondo.
6. Garda os cambios (arquivo > Gardar)
7. Xustifica o texto do terceiro párrafo.
8. Inserta un subíndice e un superíndice nunha palabra da túa elección.
9. Selecciona os tres parágrafos e crea unha lista ordenada.
10. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
11. Crea un novo iDevice "Texto libre" e escribe un texto do teu gusto.
12. Cambia o nome por meuarquivo2. Gárdao na carpeta "Curso de eXeLearning" (Arquivo > Garda como...)

5 Practica eXe: Creamos un iDevice “Obxectivos”

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo “Formateamos texto”
3. Crea un iDevice “Obxectivos”. Móveo arriba. Modifica o seu título.
4. Crea unha lista ordenada na que figuren os nomes dos nodos que existen no arquivo.
5. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
6. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

6 Practica eXe: Coñecementos previos

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Formateamos texto"
3. Crea un iDevice "Coñecemento previo". Modifica o seu título.
4. Móveo para arriba de xeito que se sitúe debaixo do iDevice "Obxectivos"
5. Escribe un texto no que describas os obxectivos que pretendes acadar no curso que estás realizando.
6. Inclúe un enlace externo que se abra en nova ventá.
7. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
8. Garda os cambios (archivo > Gardar)

7 Practica eXe: Insertamos imaxes

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Insertamos imaxes"
3. Crea un iDevice "Actividade".
4. Escribe o texto dunha actividade na que pidas aos teus alumnos facer unha búsqueda de imaxes dun pintor do teu gusto.
5. Busca unha obra dese pintor e gárdada na carpeta "Curso de ExeLearning"
6. Inserta a imaxe descargada na primeira línea usando o botón "Insertar/editar imaxe". Completa os campos "Descrición da imaxe" e "Título". Na pestana "Título e recoñecemento", completa os campos e determina a licencia. Pulsa o botón "Actualizar".
7. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
8. Garda os cambios (archivo > Gardar)

8 Practica eXe: Insertamos videos de YouTube

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elx** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Insertamos videos"
3. Crea un iDevice "Reflexión" e modifica o título.
4. Busca un video de youTube do teu gusto. Copia a URL do video.
5. En eXe, clica no botón "Insertar/editar medio embebido" e pega a URL do video. Pulsa o botón descargar.
6. Escribe un texto onde introduzas unha explicación do video que incrustaches e unha pregunta reflexiva sobre o mesmo.
7. No campo retroalimentación escribe unhas preguntas sobre as que os teus alumnos deberán reflexionar o ter en conta na reflexión proposta.
8. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
9. Garda os cambios (archivo > Gardar)

9 Practica eXe: Insertamos audio

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Insertamos videos"
3. Crea un iDevice "Actividade de lectura" e modifica o título.
4. Busca un audio do teu gusto e descárgao ao PC.
5. Redacta un texto de lectura dentro do iDevice. Dalle o formato que desexes.
6. En eXe, clica no botón "Insertar/editar medio embebido" e inserta o audio.
7. Debaixo do audio, inclúe unha información sobre a actividade.
7. No campo retroalimentación redacta as preguntas ou actividades.
8. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
9. Garda os cambios (archivo > Gardar)

10 Practica eXe: Insertamos obxectos multimedia

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Insertamos obxectos multimedia"
3. Crea un iDevice "Caso práctico" e modifica o título.
4. Busca unha presentación de slideshare ou pezi e copia o seu código "Embed"
5. No campo "Historia" escribe un texto introdutorio da actividade.
6. Facendo uso do botón "Pegar fragmento de HTML (código embebido)", pega o código copiado. Pulsa o botón "Insertar".
7. No campo "Actividade" propón unha tarefa relacionada co contido insertado. No campo retroalimentación inclúe algunha información ou recurso que sexa necesario para levala a cabo.
8. Engade outra actividade e complétaa igual que a anterior: no campo "Actividade" a proposta de traballo e no campo "Retroalimentación" a información complementaria. redacta as preguntas ou actividades.
9. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
10. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

11 Practica eXe: Verdadeiro ou falso?

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elx** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Preguntas"
3. Crea un iDevice "Pregunta Verdadeiro_falso" no nodo "Preguntas" e modifica o título.
4. Busca un video do teu gusto e insértalo no campo "Introdución". Esta vez utiliza o código de "Compartir" e o botón de "Pegar fragmento de HTML" <>
5. No campo "Pregunta" escribe unha afirmación verdadeira respecto ao tema do video. Completa o campo retroalimentación e o de suxerencias.
6. Engade outra pregunta na que escribas unha afirmación falsa e completa todos os campos como no paso anterior.
7. Debaixo do audio, inclúe unha información sobre a actividade.
8. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
9. Garda os cambios (archivo > Gardar)

12 Practica eXe: Crear unha pregunta de elección múltiple

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Preguntas"
3. Crea un iDevice "Pregunta elección múltiple" no nodo "Preguntas" e modifica o título.
4. No campo "Pregunta" enlaza un arquivo pdf.
5. Crea no mesmo iDevice tres preguntas, cada unha delas con tres opcións de respostas posibles.
6. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
7. Garda os cambios (archivo > Gardar)

13 Practica eXe: Crear unha pregunta de selección múltiple

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Preguntas"
3. Crea un iDevice "Pregunta selección múltiple" no nodo "Preguntas" e modifica o título.
4. No campo "Pregunta" enlaza un arquivo pdf.
5. Crea no mesmo iDevice tres preguntas, cada unha delas con tres opcións de respostas posibles. Selecciona máis dunha opción como correcta nalgunha das preguntas.
6. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
7. Garda os cambios (archivo > Gardar)

14 Practica eXe: Crear unha actividade de completar ocos

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Preguntas"
3. Crea un iDevice "Completar ocos" no nodo "Preguntas" e modifica o título.
4. Crea un texto no que alomenos ocultes dúas palabras ou cadeas.
6. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
7. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

15 Practica eXe: Crear unha actividade despregable

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elx** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Preguntas"
3. Crea un iDevice "Actividade despregable" no nodo "Preguntas" e modifica o título.
4. Crea un texto no que alomenos ocultes dúas palabras ou cadeas.
5. Engade dúas palabras máis. Lembra separalas mediante | (Alt Gr 1)
6. Unha vez rematado, fai clic no botón  para ver o resultado.
7. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

16 Practica eXe: Crear un cuestionario SCORM

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elx** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Selecciona o nodo "Preguntas"
3. Crea un iDevice "Cuestionario Scorm" no nodo "Preguntas" e modifica o título.
4. Crea dúas preguntas con tres opcións posibles en cada unha delas.
5. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
6. Garda os cambios (archivo > Gardar)

17 Practica eXe: Incluir un contido da wikipedia

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Crea un novo nodo chamado "Información"
3. Crea un iDevice "Artigo da Wikipedia" no nodo "Información" e modifica o título.
4. Elixo o idioma no que vas a buscar o contido.
5. Carga un contido da Wikipedia do teu interés ou relacionado co tema que estés a traballar.
6. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
7. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

18 Practica eXe: Incluir un iDevice RSS

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elx** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Crea un iDevice "Artigo RSS" no nodo "Información" e modifica o título.
4. Busca tres fontes de contidos RSS e agrégaas no iDevice.
5. Xunto á ligazón a cada RSS, inclúe unha pequena descrición do contido.
6. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
7. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

19 Practica eXe: Incorporar un sitio web externo

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elx** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Crea un iDevice "Sitio externo da web" no nodo "Información".
4. Busca unha páxina web cuio contido te interese incorporar e inclúe a súa url no iDevice.
5. Define o tamaño do marco como "mediano".
6. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
7. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

20 Practica eXe: Crea unha galería de imaxes

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elx** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Busca catro imaxes e descárgaas.
3. Crea un iDevice "Galería de imaxes" no nodo "Información" e cambia o título.
4. Engade as catro imaxes. Para cada unha delas escribe un pequeno texto descritivo.
5. Unha vez rematado, fai clic no botón  para ver o resultado.
6. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

21 Practica eXe: Incorporar unha imaxe con lupa

Realiza os seguintes procedementos:

1. Abre o arquivo **meuarquivo2.elp** da carpeta "Curso de eXe Learning".
2. Busca unha imaxe e descárga.
3. Crea un iDevice "Lupa" no nodo "Información" e cambia o título.
4. Engade a imaxe.
5. Aliña a imaxe á dereita, define o tamaño inicial como 100% e o final como 200%. Define o tamaño da lupa como medio ou pequeno.
5. Unha vez rematado, fai clic no botón ☒ para ver o resultado.
6. Garda os cambios (arquivo > Gardar)

ARQUIVOS PARA DESCARGAR:

[U1 A1.elp](#)

[U2 A1.elp](#)

Adaptación de:

http://exelearning.net/html_manual/exe20/index.html